

# Enquisa a residentes de Galicia

*Resultados finais - Xullo 2020*

galicia



# Introdución e obxectivos


- No contexto do novo escenario turístico que xorde a raíz da pandemia provocada polo Covid19, no que se observan notables incertezas entorno ao futuro máis inmediato e se producen cambios constantes nas pautas de comportamento da demanda turística, a Área de Estudos e Investigacións de Turismo de Galicia puxo en marcha unha enquisa destinada aos residentes de Galicia cun dobre obxectivo:
  - Coñecer a intención e perspectivas de viaxe neste ano 2020 e concretamente no verán, así como os gustos e preferencias
  - Valorar a súa percepción como residentes acerca do turismo na nosa comunidade
- A enquisa contempla a realización de tres fases ou oleadas ao longo deste 2020 co fin de observar diferenzas de valoración e comportamento nos distintos momentos do ano. En particular, defínense os seguintes períodos:
  - 1ª oleada: xuño 2020
  - 2ª oleada: xullo 2020
  - 3ª oleada: setembro 2020
- Os resultados que se mostran a continuación corresponden á segunda fase. Neste caso a enquisa realizouse na terceira semana de xullo, concretamente do 20 ao 27 deste mes.
- O traballo de campo realizouse de forma telefónica, cun total de 1.068 enquisas.
- A mostra é aleatoria estratificada segundo a zona de residencia, cunha afixación proporcional á poboación maior de 15 anos nos tres estratos considerados –cidade, litoral e interior-.
- Aplicáronse cuotas de xénero e idade para manter unha correcta representatividade.
- Nas táboas seguintes amósase a distribución da mostra por idade, xénero, zona do municipio así como outras variables de referencia.

# Mostra da enquisa


O reparto da mostra por idade e xénero realizouse de forma proporcional á distribución da poboación residente en Galicia, maior de 15 anos, a 1 de xaneiro de 2020. Con isto obsérvase que a maior porcentaxe de enquisas destínase aos tramos de idade entre 36 e 55 anos –o 35% do total-. Un 15% das enquisas realízase tamén a maiores de 75 anos.

O reparto por xénero leva a que o 48% se destinasen a homes e o 52% a mulleres.

### Reparto da mostra por idade



### Reparto da mostra por xénero




# Mostra da enquisa

Estableceuse un terceiro criterio de reparto das enquisas en función do municipio de residencia. Deste maneira xeráronse 3 estratos: residentes nas cidades –na que se integran as 7 cidades de Galicia-, litoral -69 concellos localizados no litoral galego- e interior –no que se integran os 241 restantes-.


En función da zona obtense que o 36% das enquisas se realizaron a residentes das 7 cidades de Galicia, o 29% en concellos do litoral galego e o 34% restante en concellos do interior.

Segundo o nivel de estudos o reparto da mostra é bastante equitativo, cun 34% para aqueles con estudos primarios e secundarios, e un 32% para os que presentan estudos superiores.

## Reparto da mostra por nivel de estudos



## Reparto da mostra por zona de residencia



# Situación laboral


Desde o punto de vista socioprofesional obsérvanse dous grandes estratos da poboación en Galicia: aqueles que actualmente están traballando –o 41% da poboación- e os pensionistas –o 33% do total-.

Un 13% da poboación está neste momento sen traballo por diferentes motivos ou en diferentes circunstancias: o 3% ten paralizada a súa actividade –en situación de ERTE, autónomos,...-, o 2,3% perdeu o seu traballo durante a crise mentres que o 5,6% continúa sen traballo desde antes da crise. O 1,5% maniféstase actualmente de baixa ou permiso laboral.

Un 7,3% da poboación son estudantes, todos eles de menos de 35 anos.

O perfil laboral non cambia en relación ao observado no pasado mes de xuño, con porcentaxes semellantes e mesmo nalgúns casos equivalentes en cada perfil ou estrato.

Situación actual da poboación desde o punto de vista socioprofesional




# Situación laboral

Como é lóxico a situación laboral da poboación varía en función da idade, sobre todo para determinados colectivos. Por exemplo, os residentes de menor idade son na súa maior parte estudantes –dous de cada tres en concreto- mentres que os pensionistas corresponden á poboación de maior idade, de máis de 65 anos.

A poboación entre 26 e 55 anos presenta un perfil parello cunha porcentaxe elevada de residentes que traballan actualmente mais tamén cun volume importante de persoas que a día de hoxe non están traballando por diferentes circunstancias –ben porque xa estaban en paro antes da crise, ben porque perderon o emprego durante a mesma ou porque neste momento teñen paralizada a súa actividade-. Este segmento supón entón ao 20% da poboación en cada tramo considerado.

Situación actual da poboación desde o punto de vista socioprofesional, segundo tramos de idade



# Viaxe por Galicia


Case a metade da poboación residente en Galicia realizou algunha viaxe de ocio pola comunidade no pasado ano 2019. En termos absolutos supón que 1,15 millóns de galegos viaxaron por Galicia por ocio ou vacacións.

A frecuencia da viaxe varía singularmente obtendo neste sentido varios perfís. O 12,0% do total da poboación realizou unha soa viaxe de ocio, o 12,4% dúas viaxes, o 14,3% entre tres e cinco viaxes e un 9,3% máis de cinco viaxes de ocio.

O perfil do residente que realizou algunha viaxe é variado se ben se aprecia maior volume nos primeiros tramos de idade –a metade ten menos de 45 anos sendo que o 28% do total sitúase entre 16 e 35 anos-. Obsérvase en paralelo que o 15% ten máis de 65 anos.

En termos xerais a frecuencia das viaxes diminúe coa idade, isto é, os perfís máis novos realizan varias viaxes de ocio por Galicia mentres que o segmento de maior idade viaxa con menos frecuencia.


Realizou algunha viaxe de ocio por Galicia no pasado ano 2019?



# Intención da viaxe

O 36% da poboación residente manifesta que ten intención de realizar algunha viaxe de ocio por Galicia neste ano 2020, porcentaxe que inclúe aos que o afirman de forma segura –o 22%- e os que manifestan alta probabilidade –o 14%-. Un 15% non o ten decidido a día de hoxe. No lado contrario obsérvase que o 48,7% da poboación non ten intención de realizar ningunha viaxe por Galicia neste ano 2020 –porcentaxe que en termos absolutos supón máis de 1,15 millóns de residentes na comunidade-.

Ten intención de viaxar por Galicia neste ano 2020?






# Intención da viaxe

En relación coa primeira oleada realizada a mediados de xuño non se aprecian diferenzas moi significativas na intención de viaxar por Galicia neste ano 2020. Mantense estable a proporción de residentes que responden de forma afirmativa, isto é, que viaxarán neste ano pola comunidade mais obsérvase maior seguridade no segmento que decide non viaxar –pasa do 43% ao 49% do total da poboación-, diminuindo por tanto a porcentaxe que manifesta dúbidas –pasa do 20% ao 15%-.

Dalgunha maneira, a medida que pasan as semanas, a decisión de viaxar ou non tórnase definitiva. Neste caso son máis de 100 mil residentes que no mes pasado dubidaban e agora deciden non viaxar.



# Intención da viaxe


A intención de viaxar é maior na poboación máis nova. Neste sentido o 62% dos residentes en Galicia entre 16 e 35 anos manifesta que realizará algunha viaxe pola comunidade neste ano 2020, porcentaxe que baixa ao 37% para o tramo de 36-55 anos e ao 23% para aqueles de máis de 55 anos.

Neste último segmento apréciase que o 65% non ten intención de realizar ningunha viaxe neste ano.

En todos os segmentos si se observa unha porcentaxe da poboación que presenta dúbidas. Así o manifesta entre o 12% e o 19% en cada estrato.

En termos comparativos obsérvase un comportamento relativamente semellante nos dos primeiros tramos de idade mais no segmento de máis de 56 anos apréciase un incremento da porcentaxe daqueles que manifestan que non viaxarán –pasa do 51% en xuño ao 65% agora en xullo-. O incremento porcentual da poboación que decide non viaxar concéntrase, por tanto, no segmento de maior idade.

Intención da viaxe por grupo de idade




# Intención da viaxe

A presenza de factores de risco para o Covid19 é un elemento que neste caso non inflúe na decisión de realizar algunha viaxe neste ano 2020 –a diferenza do que se observaba en xuño cando se apreciaban pequenos cambios-. Neste sentido a intención de viaxar está presente no 35% da poboación que presenta algún factor –nomeadamente enfermidades que poidan agravar as consecuencias do contaxio- e no 37% dos que non teñen ningún elemento de risco. En ambos segmentos existe unha porcentaxe importante de poboación que non viaxará neste ano se ben é lixeiramente maior no estrato que ten algún factor de risco –a metade neste caso-.

Curiosamente a presenza de factores de risco non inflúe neste mes na decisión de viaxar pola comunidade.

Intención da viaxe segundo o risco fronte ao Covid19



# Intención da viaxe


Segundo o lugar de residencia apréciase que a intención de viaxar é maior na poboación residente nas cidades de Galicia. O 43% dos que habitan nalgunha das sete cidades galegas viaxará neste ano 2020 pola comunidade, cifra que se sitúa no 34% para os residentes no litoral e no 31% en concellos do interior.

En termos comparativos a maior variación prodúcese no ámbito urbano. Neste caso diminúe a intención de viaxar da poboación residente nas cidades –pasa do 54% ao 43% neste mes, variación que en termos absolutos supón entorno a 50 mil residentes-.

No ámbito interior o que se observa é un incremento do volume de poboación que decide non viaxar –pasa do 46% ao 55%- a costa principalmente de residentes que en xuño dubidaban.

No ámbito litoral as diferenzas de comportamento son menores, pouco significativas.

Intención da viaxe segundo a zona de residencia




# Intención da viaxe

A situación laboral e socioprofesional da persoa inflúe parcialmente na decisión de realizar algunha viaxe por Galicia neste ano 2020. Así no ámbito da poboación activa o comportamento é moi semellante entre os que actualmente traballan e os que non. Entorno ao 43-44% dos mesmos teñen intención de viaxar neste ano, cun 19% que manifesta dúbidas e un 37-38% que decide non viaxar.

A diferenza radica nos pensionistas que maioritariamente decidiron que non viaxará neste ano –así o manifesta o 70% dos mesmos-, cun 21% que en cambio si ten intención de facelo neste ano 2020.

En todos os segmentos existen un volume de poboación indecisa, que non ten decidido se viaxará por Galicia neste ano. Supón o 19% dos que traballan, tamén o 19% daqueles que actualmente non traballan ou o 9% dos pensionistas.

Intención da viaxe segundo a situación socioprofesional



# Intención da viaxe

O 26% da poboación residente repetiría viaxe por Galicia neste ano 2020 –viaxou en 2019 e ten intención de facelo neste ano-. Responde a un perfil que aparentemente viaxa con frecuencia pola nosa comunidade. Un 34% en cambio defínese polo contrario, non viaxou en 2019 nin o fará agora en 2020. Entorno ao 15% mantense con dúbidas e o 25% aproximadamente cambia o seu comportamento nestes dous anos.

A comparativa interanual amosa que no escenario máis optimista neste ano 2020 pódense acadar volumes de turismo interno semellantes aos do pasado ano 2019. Isto vai depender moito de dous factores esencialmente: a situación sanitaria e o risco de novos contaxios masivos e da recuperación económica.

Levados aos resultados da enquisa o factor decisivo está precisamente na poboación que a día de hoxe presenta dúbidas. Se temos en conta as opinións positivas –os que viaxaron en 2019 e manifestan intención de viaxar neste ano 2020- Galicia acadaría o 75% do turismo interno rexistrado no pasado ano. Dita porcentaxe non cambia moito da observada en xuño, cando se situaba no 72%.

	Viaxou en 2019			Poboación residente	
	Si	Non			
			<b>Viaxou en 2019</b>	1.142.664	
<b>Intención viaxe 2020</b>	<b>Viaxará en 2020</b>	25,8%	10,2%	<b>Viaxará en 2020</b>	857.180
	<b>Dubida</b>	7,7%	7,6%	<b>Dubida</b>	363.497
	<b>Non viaxará</b>	14,5%	34,2%		

# Intención da viaxe

O temor ao contaxio é o principal motivo sinalado polos residentes que non teñen intención de viaxar por Galicia neste ano 2020. Engádese isto ao 14,5% que aduce non sentir seguridade plena.

Nun segundo grupo sinálanse motivos de carácter máis xenérico como problemas de saúde –o 12,7%-, motivos persoais ou familiares –o 11,3%- ou motivos laborais –o 10,2% neste caso-.

## Motivos polos que non viaxa

53,3%

• Temor ao contaxio

14,5%

• Inseguridade en xeral

12,7%

• Por motivos de saúde

11,3%

• Por motivos persoais/familiares


10,2%

• Por motivos laborais

# Intención da viaxe

Refórzase neste período de 4-5 semanas o temor ao contaxio como o principal motivo ou argumento para non viaxar por Galicia neste ano 2020, pasando do 32% ao 53% dos casos. Si se engade a cuestión da percepción de inseguridade en xeral obsérvase que son os factores asociados ao Covid19 –mais que os económicos ou doutra índole- os que inciden negativamente na realización de viaxes de ocio pola nosa comunidade neste ano 2020.

## Temor ao contaxio





# Motivos de non realizar a viaxe

## Menos de 35 anos

47,7%\_Temor ao contaxio

21,5%\_Motivos laborais

14,0%\_Motivos persoais

## De 36 a 55 anos

58,7%\_Temor ao contaxio

17,3%\_Inseguridade

15,6%\_Motivos laborais

## Máis de 55 anos

51,0%\_Temor ao contaxio

19,8%\_Motivos de saúde

13,2%\_Pola idade, maior

# Intención da viaxe


Neste momento concreto, na segunda quincena de xullo, os residentes en Galicia que se formulan realizar algunha viaxe pola comunidade optan por facelo principalmente en setembro –o 43,5%- ou no último trimestre do ano –o 22,7% neste caso-. Curiosamente só un 17% sinala que realizará algunha viaxe de ocio en agosto, no mes de maior afluencia turística na comunidade.

Un 17% dos que viaxarán non ten decidido aínda o momento de facelo.

Neste punto as perspectivas cambian respecto do observado en xuño, na primeira oleada, cando se detectaba que máis da metade dos residentes que viaxarían faríano no verán –en xullo e agosto-.

Aprécianse pequenas diferenzas en función do municipio de residencia. Aqueles localizados no litoral viaxarán despois de agosto preferentemente aínda que presentan unha elevada porcentaxe de indecisión respecto dos residentes nas cidades –que optan por viaxar en setembro-.

Período no que ten previsto viaxar



# Intención da viaxe


Destinos do litoral galego, principalmente de sol e praia, son as opcións preferidas polos residentes para viaxar por Galicia –así o manifestan a metade dos mesmos-. Entorno a unha quinta parte opta por destinos de interior –turismo rural e de natureza- quedando o 30% restante para outro tipo de alternativas –un 13% turismo de montaña, un 5% prefire termalismo e entorno ou ben destinos urbanos e o 4% opta por vilas pequenas localizadas tanto no litoral coma sobre todo no interior.

Apenas o 2% sinala como opción o Camiño de Santiago.

A preferencia por destinos de sol e praia é máis intensa na poboación menor de 35 anos –así o manifesta o 58% dos mesmos- e nos residentes en concellos do interior de Galicia –o 62% dos mesmos neste caso-.

Neste punto as preferencias son moi semellantes ás observadas na primeira oleada de xuño.

Tipo de destino preferido




# Intención da viaxe

En canto ao tipo de aloxamento previsto para utilizar durante a súa viaxe por Galicia destacan o hotel –opción sinalada por un 29,7% da poboación- e o aloxamento en casas de turismo rural –alternativa preferida por un 21,8%-. Un 10,0% da poboación elixe o apartamento ou vivenda turística mentres que o 8,5% opta polo cámping.

Unha cuarta parte da poboación prefire modalidades de aloxamento fóra de mercado principalmente a segunda residencia –o 6,8%- e a casa de familiares/amigos –o 13,3% neste caso-.

En termos comparativos obsérvase un incremento da preferencia por apartamentos e vivendas turísticas así como pola casa de familiares e amigos en detrimento dos hoteis. Mantense en proporción moi semellantes a opción do aloxamento rural.

Tipo de aloxamento previsto




# Intención da viaxe


En termos globais, por tanto, obsérvase que o 75% dos residentes que teñen intención de realizar algunha viaxe por Galicia neste ano utilizarán prioritariamente modalidades de aloxamento de mercado, mentres que o 25% optará por alternativas fóra de mercado. En xuño a ratio era de 80-20%.

Por tramos de idade apréciase pequenas diferenzas. Todos elixen principalmente modalidades de aloxamento de mercado pero con diferente intensidade –nun 80% dos casos o perfil máis novo e nun 66% os de máis de 56 anos-. Estes últimos presentan maior preferencia na segunda residencia e na casa de familiares e amigos fronte aos de menos de 35 anos.

Tipo de aloxamento previsto



Tipo de aloxamento previsto, segundo o tramo de idade




# Beneficio do turismo

Un 48% da poboación residente en Galicia sinala obter algún beneficio económico da actividade turística, ben directamente –o 26%- ou ben indirectamente pero de forma relevante –o 22% neste caso-. A porcentaxe de poboación que afirma ter impactos positivos do turismo desde o punto de vista económico é moi importante aínda que baixa levemente respecto do observado en xuño –cun 57% naquel momento-.

O 41% en cambio manifesta que non obtén ningún beneficio, nin directa nin indirectamente.

A porcentaxe de poboación que afirma obter beneficio do turismo sitúase no 61% entre a máis nova –aqueles de 16 a 35 anos-, no 52% para os de 36-55 anos e no 40% para os de máis de 55 anos.

Considera que o turismo lle beneficia economicamente?




# Beneficio do turismo

A poboación que reside nos concellos do litoral galego ten un maior beneficio respecto dos que residen habitualmente noutras zonas de Galicia. O 53% da poboación de costa sinala ter beneficios do turismo –un 28% de forma directa-, porcentaxe que baixa ao 48% para os residentes nas cidades e ao 44% para os que residen no interior.

Visto desde a óptica contraria apréciase mellor a diferenza do litoral fronte ás restantes zonas. Neste caso a porcentaxe de poboación que non recibe ningún tipo de beneficio económico do turismo sitúase no 35% fronte ao 43% dos que reside nas cidades ou en zonas do interior da comunidade.

Considera que o turismo lle beneficia economicamente?



# Percepción


O 43% da poboación residente en Galicia considera positiva ou moi positiva a presenza de turistas na nosa comunidade neste verán. Un 29% opta pola neutralidade, isto é, nin positivo nin negativo, mentres que o 28% considera que é negativa ou moi negativa.

A valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán realízase nunha escala de 0-10 sendo

- 0: Extremadamente negativa
- 5: Neutral
- 10: Extremadamente positiva

Nesta escala a valoración media sitúase en 5,3

Como valora a presenza de turistas en Galicia neste verán?



Valoración  
media

5,3



# Percepción

En comparación cos resultados obtidos en xuño, na primeira oleada, obsérvase certo empeoramento da percepción e valoración dos residentes respecto da presenza de turistas en Galicia neste verán. A porcentaxe de poboación que se amosa receptiva e positiva baixa en dez puntos -pasa do 53% ao 43%- e, pola contra, increméntase a cifra dos que se amosan neutrais ou ben decaen nunha posición máis negativa.

A valoración media baixa do 5,8 ao 5,3.

## Valoración media



# Percepción


En termos xerais a percepción non varía significativamente entre os diferentes segmentos considerados, salvo excepción concretas.

Indo ao detalle apréciase mellor receptividade no tramo da poboación máis nova fronte á poboación de maior idade –con medio punto de diferenza na valoración media–.

Tamén se aprecian diferenzas por nivel de estudos, sendo peor a valoración daqueles que presentan estudos primarios –cun promedio de 5,0– fronte aos que apuntan estudos superiores –cun 5,7 neste caso–.

Existe maior reticencia en poboación con algún factor de risco aínda que as puntuacións medias son moi parellas. Tal circunstancia xa acontecía no pasado mes de xuño.

Valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán, por segmentos




# Percepción

Tal como acontecía en xuño obsérvase mellor valoración e, por tanto, maior receptividade no segmento da poboación que obtén algún tipo de beneficio económico do turismo fronte ao que non percibe nada. A mellor valoración provén, por tanto, do perfil máis vinculado directa ou indirectamente á actividade turística.

Tamén se aprecia mellor valoración no segmento máis predispuesto a viaxar pola comunidade neste ano 2020 fronte ao que decide non facelo.

Por ámbitos de residencia as diferenzas son menores rexistrando en todo caso mellor valoración por parte da poboación residente no litoral galego –probablemente máis vinculada á actividade turística sobre todo agora no verán- fronte aos que residen no interior. Neste punto recibe mellor acollemento os residentes nos concellos do Camiño Francés –cun 5,5 de media fronte ao 5,0 global de interior-.

Valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán, por segmentos



# Percepción


A zona de residencia en Galicia e o posible impacto positivo desde o punto de vista económico poden ser dous factores importantes á hora de entender as diferenzas de valoración en relación á presenza de turistas en Galicia neste verán.

Neste sentido os segmentos que presentan unha valoración máis positiva son aqueles que obteñen beneficios da actividade turística e residen tanto nas cidades como en zonas do litoral galego –destinos onde precisamente o turismo ten unha maior presenza tanto en oferta como en demanda-. As puntuacións medias sitúanse no 6,0.

Sen embargo, os residentes en zonas de interior son menos favorables á presenza de turistas, sobre todo aqueles que viven alleos á actividade turística –este segmento presenta unha valoración media de 4,7-.

Este esquema mantense igual que o observado en xuño aínda que en conxunto as valoracións medias de cada segmento decaen.

Valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán, segundo o beneficio do turismo e o ámbito de residencia




# Intención da viaxe


Nos tramos amplos de idade apréciase, con carácter xeral, mellor valoración nos segmentos máis novos –de 16 a 25 anos, e de 26 a 35 anos– cun promedio de 5,7. A puntuación máis baixa concéntrase na poboación maior, de máis de 65 anos así como nun segmento concreto –de 36 a 45 anos–, ambos cun 5,2

A cuestión do beneficio económico do turismo é un aspecto que inflúe tamén na situación socioprofesional do residente. Neste caso afecta positivamente aos tres principais segmentos considerados: aos que actualmente traballan, aos que están sen traballo e aos pensionistas – aínda que con maior intensidade a este último pois as diferenzas de valoración pasan de 5,8 entre os que perciben beneficio a 4,7 para aqueles que non obteñen nada–.

## Valoración segundo a idade



## Valoración segundo beneficio e situación laboral




# Percepción

Tamén se aprecian diferenzas nos distintos segmentos da poboación segundo a idade e o beneficio económico do turismo. Neste sentido obsérvase que:

- A obtención de beneficio económico da actividade turística, sexa de forma directa ou indirecta, inflúe positivamente en todos os tramos de idade aínda que se aprecian diferenzas de intensidade.
- O grupo onde se observa maior diferenza, isto é, maior influencia do beneficio económico é xustamente o de menor idade –de 16 a 25 anos-. Valoran cun 6,5 os que obteñen beneficio fronte ao 4,6 dos que non perciben nada.
- Xustamente son os máis novos os que amosan a mellor e peor valoración neste contexto.
- No lado contrario as diferenzas son menores no tramo de 46 a 65 anos –de 5,6 e 5,2 puntos respectivamente-.

Valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán, segundo o beneficio do turismo e os tramos de idade



# Enquisa a residentes de Galicia

*Resultados finais - Xullo 2020*

galicia

